



ÁRBORE DE DECISIÓN

Nesta árbore combínanse niveis de pendente do terreo co grao de cuberta do solo polas follas caídas dende as árbores chamuscadas polo lume e niveis de severidade do lume no solo.

O seu emprego no campo axuda a determinar as áreas con maior risco de perdas de solo (●) e, polo tanto, as que debe darse maior prioridade nas actuacións urxentes contra a erosión despois de incendio.

Tamén resulta útil para seleccionar e aplicar tratamentos paliativos, así como planificar e monitorizar actividades de restauración de áreas forestais queimadas.



MÁIS INFORMACIÓN PODE CONSULTARSE EN:



CONTACTO:

Centro de Investigación Forestal de Lourizán
Consellería do Medio Rural e do Mar
Teléfono: 986 805 000
Fax: 986 805 031
www.lourizan.com

Dep. Legai. C 825 - 2015

INDITEX

AVALIACIÓN PRELIMINAR DO RISCO DE EROSIÓN TRAS INCENDIOS FORESTAIS



Os incendios forestais crean un mosaico de situacións con distintos graos de impacto sobre a vexetación e o solo.

A severidade do lume é un factor clave para determinar ese impacto, que, ao mesmo tempo, condiciona en grande medida o risco de erosión e de riadas tras un incendio forestal.

Por iso, a avaliación da severidade do incendio é un paso crítico na toma de decisións para as tarefas de rehabilitación urxente de áreas forestais queimadas.

SITUACIÓNS MÁIS FRECUENTES NOS ARBOREDOS



Zonas coas copas chamuscadas



Zonas afectadas por lume de copas

Nas primeiras zonas xérase axiña unha cuberta protectora do solo coas follas caídas, mentres que nas segundas o solo queda exposto á acción da choiva.


Isto último tamén ocorre en áreas de matogueira.

NIVEIS DE SEVERIDADE DO LUME

Esta táboa permite diferenciar, en base a signos visuais, distintos niveis de severidade do lume no solo que son habituais nas áreas forestais queimadas. Estes niveis correspóndense con diferentes graos de susceptibilidade do solo á erosión.

Esta clasificación serviu de utilidade nos labores de campo de estimación da severidade do incendio.

1. Nivel de severidade moi baixo	
Follaxe e humus superior total ou parcialmente consumidos polo lume Humus inferior non alterado ou consumido só parcialmente	O solo está inalterado, conservando a súa estrutura e as raíces finas superficiais
2. Nivel de severidade baixo	
Abundantes restos carbonosos da consunción da follaxe e humus sobre o solo mineral intacto. En ocasións obsérvanse restos de cinza mineral	O solo conserva a súa cor e estrutura e as raíces finas superficiais non se consumiron
3. Nivel de severidade moderado	
Follaxe e humus completamente consumidos. Pode haber unha capa de cinza mineral de espesor variable	O solo presenta cores mouras-agrisadas debido á presenza de carbón depositado mesturado na cinza aínda que conserva a súa estrutura. As raíces finas máis superficiais poden estar parcialmente consumidas
4. Nivel de severidade alto	
Follaxe e humus completamente consumidos. Hai unha grossa capa de cinza mineral	O solo presenta unha cor predominante gris clara. Houbo rescaldo durareiro no incendio, co que o solo perdeu a súa estrutura. Raíces finas consumidas nos primeiros centímetros de profundidade
5. Nivel de severidade moi alto	
Follaxe e humus completamente consumidos	O solo mostra predominantemente cores amarelas e alaranxadas. O solo perdeu a súa estrutura e está desagregado. Non existen restos de raíces finas superficialmente
	Nos casos máis extremos, por debaixo deste nivel hai un nivel de severidade 4 e, incluso, por debaixo deste un nivel de severidade 3 antes de chegar ao solo sen alterar



Niveis de severidade do lume no solo

- 1- Moi baixo
- 2- Baixo
- 3- Moderado
- 4- Alto
- 5- Moi alto

Para establecer as prioridades de actuación é importante estimar que porcentaxe de superficie da área queimada pode quedar cuberta con follaxe caída dende as árbores chamuscadas e que porcentaxe desa superficie queimada está afectada por cada un dos niveis de severidade do lume no solo.